



IMAXINA UN PAXARO... AGORA FÓRA DUNHA GAIOLA!!

O día en que os animais falen...¿Algunha vez meditaches niso? ¿Ou crelo tan imposible que por iso nunca o pensaches???

Pois coa evolución das especies nunca se sabe... Algún día, quizais golpeen unha mañá a túa porta. Abrirás e ó mellor encontras un carneiro que che diga:

"Bos días, desculpe a molestia, ¿é posíbel que no Nadal pasado vostede comera o meu primo?" (preguntándoo con certa angustia mentres che ensina unha foto do seu querido parente) ¿Poderíamos vivir con iso?

Imaxínate a todos os animais expresando así os seus sentimentos. ¿Poderíamos mirar aos ollos ó noso canario mentres lle cambiamos a auga da súa pequeniña gaiola? ¿Soportaríamos os diarios reproches da nosa mascota por castrala?..¿E que sería da triste

vida dun granxeiro? As galiñas someteríanse a un desgaste psicolóxico cada vez que se lle ocorrera facer unha tortilla, ou a vaca leiteira quizais o denuncie por acoso sexual no traballo.

Pero TRANQUILO, polo momento os animais non falan, mais...¿Quen nos di que por non poder expresalo no noso idioma non teñen sentimentos??

O día que os animais falen, estes tratarán de humanizar a maneira de expresar os seus sentimentos coa nosa sensibilidade e raciocinio, loitando contra o seu gran problema; NÓS MESMOS. Co seguinte poema de Chicho Novarro, un cantautor arxentino, intento darlles o don de expresarse no noso idioma a todos os maltratados e queridos seres vivos, para así facervos entender que eles tamén, á súa maneira, aman, rin, sofren e choran...aínda que ás veces non o percibamos!!!!

CARTA DUN LEÓN A OUTRO

Perdoa, irmán, se che digo
Que ganas de escribirche non tiven
Non sei se é o encerro,
Non sei se é a comida ou o tempo
Que xa levo desta vida.

O certo é que o zoolóxico deprime
E o mal non se redime con agarimo.
Se non e por eses cativos, que achegan
A súa ledicia, sería máis amargado
aínda

A ti irache mellor, espero,
Viaxando polo mundo inteiro,
Aínda que o domador, segundo me
contas,
Obrígache a traballar máis da conta.

Ti tes que entender, irmán,
Que o amo ten de ruín:
Ao non poder mandar a quen quixera
Descarga o seu poder sobre as feras.

Moitos irmáns son importantes
Cadeira mediante, fusta en man.

Pero volvendo a min
nada cambiou,
dende que fomos separados
Hai algo, sen embargo,
Que noto entre a xente,
Asemella que miran diferente.

Os seus ollos perderon algún destello
coma se foran eles os presos.
Eu sei o que che estou a dicir,
Aposta o que queiras
que fóra teñen miles de problemas

Volver á natureza sería
A súa maior riqueza.
Alí poderían amarse libremente
e non hai ningún zoolóxico de xente.
Cóidate irmán, eu non sei cando
Pero ese día ven chegando...

ZeLTiA



ΑΤΙΝΟΣ ΟΥ ΔΕΣΑΤΙΝΟΣ?

□ "A fame é a máis cruel das armas de destrución masiva. Mata 24.000 persoas ao día e 11 nenos por minuto". LULA DA SILVA

□ O profesor mediocre di. O bo profesor explica. O profesor superior demostra. O gran profesor inspira. WILLIAM A. WARD

□ "O problema de España con Al-Qaeda comeza no século VIII". JOSÉ MARÍA AZNAR

□ O verdadeiro coñecemento é: cando sabes, saber que sabes; cando non sabes, saber que non sabes. CONFUCIO

□ "Se non foses muller, dábache dúas...". MANUEL FRAGA

□ A verdadeira educación consiste en invocar dentro de vós o mellor de vós mesmos. GANDHI

□ "Coas diferenzas sociais e económicas incúmprense os principios democráticos". VICENTE FOX

□ Por natureza, aproximámonos moito uns aos outros; por educación, distanciámonos moito uns dos outros. ANÓNIMO

□ O espírito infantil non é un vaso que teñamos que encher, senón un fogar que debemos quentar. PLUTARCO

□ ¿Onde está o Galego? —¡ En ti !. IRIA PARRAS
Unha nai